

Obradoiro de animación - creación literaria destinado ao público xuvenil

Idades: 9 – 12 anos

Número de sesións: 5 sesión de 2 horas cada unha

Desenrolo e deseño do proxecto:

O proxecto estivo dividido en dous apartados, que se retroalimentaron ao mesmo tempo. Así, estableceuse un primeiro período de traballo adicado á animación á lectura (A) e un segundo destinado á creación literaria (B).

A) Animación á lectura (todo está...só hai que miralo)

Neste apartado, entre outros, traballáronse os seguintes aspectos:

A.1) Lectura e interpretación de textos

A.2) Comprensión de textos:

- Traballo sobre os personaxes e as situacións
- Identificación do lector co personaxe
- Extrapolación da vivencia literaria á física

A.3) Achegamento guiado a cuestións tipo:

- ¿ Atopamos nos libros as historias que nos gustan ?
- ¿ Que tipo de historias nos gustan?
- ¿ Podemos levalas con nós a calqueira parte?
- ¿ Pensamos algunha vez na posibilidade de que nós tamén podemos escribir as historias que nos interesan ?
- ¿ Intuímos que hai que saber moitas cousas para escribilos?

A.4) Traballo sobre a diferenza entre Vista / Mirada por medio de exercicios corporais e de percepción. Aprender a mirar e, sobre todo, a atopar en nós e nos textos unha segunda mirada.

A.5) Tralo achegamento ao referente comeza, neste último apartado, un camiño cara a búsqueda da afirmación / reafirmación:

- non existe escritor sen lector
 - a través dos textos podemos proxectarnos e mesmo atopar aquilo que a nós (coma lectores) cústanos expresar por medio de palabras.
 - a mellor viaxe atópase dentro de nós e os libros sitúannos ante paraxes, situacións e relacións ás que non poderíamos chegar se non fose a través deles e do noso máxime.
 - sempre podemos pechar un libro se non nos agrada.
- Ningún nos pode obrigarnos a ler un libro se a lectura é realizada por pracer.
- se lemos moito, posiblemente algún día comecemos a tentar escribir aquelas historias que a nós nos gustan. A través da lectura podemos chegar á configuración dun gusto propio.

B) Taller de creación literaria

B.1) Proposta de traballo en grupo. A partir de imaxes ou textos elixidos buscamos a creación en grupo guiada.

O referente do que partimos nunca desaparece neste primeiro momento do proceso creativo. Basearémonos na análise da imaxe ou do texto e na transformación dos mesmos a partir de diferentes técnicas:

- xogos con letras
- xogos por sonidos
- telegramas
- pistas
- encadenamentos de historias
- cadáveres exquisitos

- poemas por asociación de palabras e imaxes...

B.2) Propostas de traballo individual. Percepción e (re)coñecemento do mundo que nos rodea.

- Traballo con obxectos propios: Trátase de buscar o re-coñecemento do feito literario a través dun vínculo sentimental (dun obxecto propio, fotografía). Semella importante recordar que nunha primeira fase é máis doado comezar a escribir sobre o que coñecemos, sobre aqueles obxectos que medraron con nós, nos que nós somos expertos, nos que proxectamos os nosos sentimentos íntimos ata facelos unha parte importante da nosa vida e, polo tanto, do acto creativo.

- Traballo a partir de imaxes: Buscando un tipo de aprendizaxe interdisciplinar (coñecemento da vida de artistas, tipos de movementos e estilos, así como a súa vinculación coa literatura: escritura automática, cadáveres exquisitos, collages...), e a partir de situacións que atopamos en diferentes obras de arte iremos plantexando propostas e material co que traballar literariamente.

- Traballo a partir de músicas: A partir de diferentes músicas, da expresión corporal e da asociación de imaxes poéticas con posicións físicas atoparemos novas canles creativas.

